

Á ATENCIÓN DO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA.

**PERGUNTA que presenta o Grupo Municipal Por Chantada –
Candidatura de Unidade Popular en relación ás obras no bairro
da Santa Mariña e os obstáculos á mobilidade.**



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal Por Chantada-CUP, presentan ao abeiro do disposto no artigo 97 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte PERGUNTA POR ESCRITO, formulada con 24 horas de antelación ao máis polo que se deberá contestar na sesión, relativa á ***Pergunta que presenta o Grupo Municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular en relación ás obras no bairro da Santa Mariña e os obstáculos á mobilidade.***

Vista a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade¹ que no seu artigo 5º recolle o seguinte:

1. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público deberán ser proxectados, construídos, restaurados, mantidos, utilizados e reurbanizados de forma que resulten accesíbeis para todas as persoas. Para iso, os criterios básicos que se establecen nesta lei, e na súa normativa de desenvolvemento, deberán ser recollidos nos plans de desenvolvemento (plans de sectorización, plans parciais, plans especiais e estudos de detalle) ou nos plans xerais de ordenación, cando incorporen a ordenación detallada dun ámbito de desenvolvemento.

2. En zonas urbanas consolidadas, cando non se poida cumprir algunha destas condicións, formularanse as solucións alternativas que garantan a máxima accesibilidade posíbel, para o cal se requirirá o ditame favorábel da Comisión Técnica de Accesibilidade.

3. Nos informes técnicos que se emitan con carácter previo á aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento deberá facerse constancia expresa, con mención desta lei, de que se cumpren os criterios exixidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

4. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público existentes, así como as respectivas instalacións de servizos e mobiliario urbanos, deberán ser adaptados gradualmente, de acordo cunha orde de prioridades que terá en conta a maior eficacia e a concorrencia ou o tránsito de persoas e as regras e condicións previstas regulamentariamente, e sen prexuízo dos prazos establecidos na normativa básica estatal de aplicación.

Para tal efecto, os entes locais terán que elaborar plans especiais de actuación para adaptar as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade. Con esta finalidade, os proxectos de orzamentos dos entes públicos deberán conter, en cada exercicio orzamentario, as consignacións específicas para o financiamento destas adaptacións, dentro das disponibilidades orzamentarias.

Vista a devandita norma que para os itinerarios peonís establece o seguinte (artigo 6º):

1. **Os itinerarios peonís,** como parte da área de uso peonil destinada especificamente ao tránsito de persoas, incluíndo as zonas compartidas de modo permanente ou temporal entre estas e os vehículos, **deseñaranse e realizaranse de forma que resulten accesíbeis a calquera persoa e garantan un uso non discriminatorio.**

2. Para estes efectos, estableceranse regulamentariamente os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados accesíbeis e **deberán prever, como mínimo, os seguintes aspectos,** sen prexuízo de que existan maiores exixencias contidas noutras normas de obrigado cumprimento:

- a) Largura mínima libre de obstáculos.
- b) Pendente máxima lonxitudinal.
- c) Pendente máxima transversal.
- d) Dimensión de vaos e illotes.

1 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.html

- e) Dimensións de pasos de peóns.
- f) Dimensións e características de escaleiras e ramplas destinadas a salvar desniveis.
- g) Limitacións aos vehículos, especialmente aos motorizados.
- h) Nivel mínimo de iluminación.
- i) Características do pavimento.
- j) Condicións de comunicación e sinalización.

Visto que o artigo 10 engade que «todos os elementos de mobiliario urbano de uso público se deseñarán e localizarán para que poidan ser utilizados de forma autónoma e segura por todas as persoas, e **disporanse de xeito que non se invada o ámbito de paso, nin no plano do chan nin en altura, dos itinerarios peonís.**». De por parte o artigo 39, canto ás licenzas e autorizacións remacha:

1. **Correspóndelles aos concellos** e á Administración xeral da Comunidade Autónoma da Galiza, **no ámbito das súas competencias, exixir e verificar o cumprimento do disposto nesta lei, e na súa normativa de desenvolvemento**, nas aprobacións de instrumentos urbanísticos e no outorgamento de licenzas, autorizacións e cualificacións de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, **así como a comprobación do cumprimento das normas de accesibilidade** naquelas actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsábel.
2. Para estes efectos, os distintos instrumentos urbanísticos, así como os proxectos de edificación ou construción, deberán facer constar expresamente na súa memoria que se cumpre esta lei.

Visto o Código de accesibilidade de referencia para a Consellaría de Política Social para a rede viaria (1.1) indica no tocante a itinerarios peonís (1.1.1) que estes sexan practicábeis:

- **Largura mínima de paso libre de obstáculos** (áreas desenvolvidas por instrumentos de ordenación): **1´50m** (IMAXE 2, incumprimento en varios tramos)².
- **Largura puntual por elementos de sinalización e urbanización** (áreas desenvolvidas por instrumentos de ordenación): **1´20m**. (IMAXE 1, poste)

² Se consideramos que non existe posibilidade polas condicións previas da rúa. Se o itinerario fose “peonil adaptado” tería que ser de 1´80m.

Polo exposto o grupo municipal **POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR** formula as seguintes **PERGUNTAS**:

- 1.- Por que a actuación non contempla solucións para as persoas con mobilidade reducida e mesmo no paso de peóns se deixa un bordo incumprindo a lexislación exposta *ut supra*?**
- 2.- Conta do ditame favorábel da Comisión Técnica de Accesibilidade esta actuación?**
- 3.- Como xustifican os itinerarios peonís que fican con esta actuación?**

Asinado por Antom Fente Parada, voceiro do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular, na data da sinatura dixital.

GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.

ANEXO FOTOGRÁFICO



















GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.